

## Sobre o Plan de usos das Torres de Meirás

O movemento de renovación pedagóxica **Nova Escola Galega**, a través do seu grupo de traballo sobre Memoria Histórica, quere achegarlle ao Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia unha serie de consideracións en relación ás Bases para o Plan de usos das Torres de Meirás, co obxectivo de enriquecer os fins aos que estará destinado este Ben de Interese Cultural.

O Plan de usos do Pazo de Meirás, segundo as declaracións públicas da Xunta, será o produto dun “proceso participativo que cristalice nunha xestión plural, sólida e cunha visión a longo prazo”. Neste sentido, achamos que o deseño das Bases presentadas polo Conselleiro de Cultura no pasado 11 de decembro debería contar, con carácter previo, coa colaboración académica das Universidades e dos especialistas máis significados (Manuel Monge, Carlos Babío e Manuel Pérez Lorenzo, entre outros); da rede que promoveu a súa recuperación (Xunta Pro Devolución, da Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña); das asociacións e grupos memorialistas; así como dunha coordinación de carácter interinsitucional (Xunta, Deputación da Coruña e Concello de Sada), necesaria para fornecer de coherencia a declaración de intencións formulada polo Conselleiro de Cultura.

No seo do proceso participativo indicado e en calidade de grupo memorialista, coidamos que a resignificación democrática do Pazo debe facerse con especial atención á divulgación histórica veraz deste ben público. Así, resulta primordial a presenza dun espazo interior onde se analice diacronicamente o papel que tiveron as Torres: como residencia de Pardo Bazán, como ben espoliado por un ditador e, aínda, como símbolo da loita popular e asociativa que, nos últimos anos, tanto contribuíu á súa recuperación e posta en valor. Do mesmo xeito, consideramos que un dos usos fulcrais do Pazo debe ser o referido á Memoria Histórica, á dignificación dos combatentes antifascistas e á reparación das vítimas dos crimes de lesa humanidade cometidos ao abeiro do franquismo.

Perante o documento de Bases presentado polo Conselleiro de Cultura, queremos mostrarlle a nosa preocupación a respecto do papel secundario que outorga aos contidos referidos á memoria histórica, ao ficaren estes relegados ao espazo exterior do Pazo. Un

gobierno democrático debería ser nítido na defensa dos dereitos humanos e na condena de réximes totalitarios, nomeadamente contribuíndo ao coñecemento da memoria democrática do noso País.

Dado o simbolismo deste novo patrimonio público, apelamos ao decoro da súa palabra para que abra camiño a un proceso aberto e participativo que teña en conta estas reflexións, así como aquelas manifestadas por outras asociacións memorialistas, órganos académicos e institucións públicas.

Por todos estes motivos pensamos que un dos usos do Pazo debe ser Centro de documentación, estudo e investigación, así como a realización de eventos (congresos, seminarios, xornadas...) e visitas guiadas a escolares entre outros, referidos a Memoria Histórica.